

Os tempos pasan, e a nosa condición de castrexos hospitalarios e agradecidos, queda reflexado nas nosas rúas como mostra de agradecemento e recoñecemento as xentes da nosa historia.

Por iso, temos a obriga de manter vivo o que os nosos veciños, nun pasado mais ou menos lonxano, quixeron deixarnos para que as xeracións vindeiras coñeceran os benfeitores e as personalidades que destacaron na vida pública, política e social.

Por falta de espazo físico nesta publicación, non podemos referirnos a todos e todas, as personalidades que teñen adicado unha rúa na nosa Vila de Cangas, pero seguirémolo facendo en vindeiros anos, para que coñezamos quen é quen, é por qué unha rúa no noso pobo co seu nome.

Pasan as xeracións, é os novos xa non se lembran quen foi: Don Xosé Félix Soage Villarino, D. Álvaro de Guitián, Méndez Núñez, Montero Ríos, Eduardo Vincenti, Valentín Losada é outros.

Pois ben, queremos facer unha pequena reseña biográfica de algún deles, pero outros máis contemporáneos quedaran para despois: Xosé Santos Rodríguez, Bernardino Graña, Xosé María Castroviejo, Antonio Nores, Soage Jalda e outros.

Hai outras rúas, que teñen nomes ós que non faremos referencia, por supoñer que son farto coñecidos: Colon, Cervantes, San Francisco, San Xosé. . .

O que pretendemos, é que todas as xentes de Cangas, saiban que se temos un monumento na alameda-xardín, por qué o pobo quixo perpetuar na súa historia a ese personaxe.

Un pobo que coñece o seu pasado, que coñece a súa historia, non morre nunca e é un pobo sabio.

JOSÉ FÉLIX SOAGE VILLARINO

Nado en Cangas no 1844, finou en Bos Aires o 8 de abril de 1924. Emigrou a Arxentina coa súa familia o 8 de xullo de 1858. Alí traballou e conseguiu fortuna. Chegou a ter máis de 20.000 cabezas de gando. Ó pouco de instalarse sofre unha forte inundación que case o deixa sen gando, pero o seu tesón e resistencia fanlle refacer a súa vida e a súa fortuna. Filántropo importante, Cangas débelle a reconstrución da praza de abastos, destruído por un temporal en 1894. Ó seu cargo pavimentáronse as rúas dos Barreiros (actual San Xosé é rúa Valentín Losada), a reconstrución das bóvedas da Igrexa Parroquial, doou o órgano e os bancos da mesma Igrexa, unha escola, un amplo espazo para o salazón do peixe, os xardíns-alameda que leva o seu nome, o palco da música e outras moitas axudas de caridade a favor dos necesitados e viúvas do



mar a instancias do cura párroco de Cangas Don Valentín Losada.

Os veciños da nosa Vila responderon a esta actitude solidaria, enviándolle un álbum, coa sinatura de tódolos veciños, transmitíndolle o seu agradecemento, construíndo tamén un monumento no seu homenaxe, que realizou o insigne escultor Asorey.

FRANCISCO EIROA GRAÑA

Alcalde de Cangas 1931-36, emilianista. Carpinteiro, corresponsal do Faro de Vigo, administrador dos Transportes Automóbiles S. A., tivo carnicería (1919-1923) e tenda de comestibles (1931-1934). Preséntase ás eleccións de 1917 polo artigo 29: era cabeza de lista o médico Xosé Piñeiro. Estas eleccións foron contestadas polo Movemento Obreiro, que estivo todo o tempo 1917-1920 batallando pola democracia municipal, ata que en 1920 accede á alcaldía Xosé Pereira, pola Alianza. Preséntase ás eleccións de 1922 por un arranxo coa Alianza e todo fai pensar que de acordo con ela. Tamén foi concelleiro na Ditadura de Primo de Rivera, en 1924-25.



ÁLVARO GUITIÁN DELGADO

Axudante Militar da Mariña en Cangas entre o 18/06/1907 e o 13/05/1911, sendo tenente de navío. O 2/05/1911 pronuncia o seu discurso perante a Junta Superior de Pesca en Madrid, en favor da Ardora, publicado no "Diario de la Marina" (Gutián 1911). Promoveu e coordinou a construción da estación meteorolóxica (quiosco do reloxo) pola frota de traíñas en 1907/8. Foi Almirante, e na república destacou como militar republicano. En 1932, Don Álvaro Gutián, Almirante da Escuadra Española, en Alacante expresa o seu desexo de celebrar unha gran revista naval en Vigo. Alí a Mariña faría unha afirmación pro-republicana. A finais de novembro do 31, o cruceiro Miguel de Cervera, co almirante Gutián a bordo, estivo en Vigo. Fórono cumprimentar de Cangas, do Progreso Pesqueiro e mais do Recreo Marítimo, do que era presidente honorario.



VALENTÍN LOSADA VÁZQUEZ

Nado en Rianxo no ano 1874, finou en Santiago no 1937. Párroco de Santiago de Cangas e Illas Cíes, dende 1904 o 1931. Foi presidente honorario da Unión Patriótica e incansable organizador de manifestacións relixiosas.

En 1931 vai á parroquia de Santa Susana de Santiago, onde morre de broncopneumonía o 20 de decembro do 1937 e foi enterrado no cemiterio de Cangas como era a súa derradeira vontade.



EDUARDO VINCENTI REGUERA

Nado en A Coruña o 13 de outubro de 1857, finou en Madrid o 4 de abril de 1924. Xenro e discípulo político de Montero Ríos, militou no Partido Liberal, nas filas do Monterismo; foi deputado polo distrito de Pontevedra (que incluía o Morrazo) ata a Ditadura de Primo de Rivera.

Ós quince anos ingresou no corpo de telégrafos que abandonou para estudar avogacía. Adicouse á política e ocupou os cargos de Concelleiro e alcalde de Madrid, director de Administración e Fomento no Ministerio de Ultramar. Foi Presidente da Comisión Permanente do Consello de Instrución Pública. Vicepresidente primeiro do Congreso e participou na dirección da Liga Agrario-Redencionista.



Tiña fama de gran reformador e impulsor da escola pública, sen embargo pouco podemos dicir da mellora das escolas do Morrazo, durante esta época (1900-1923) nin da súa actividade ó respecto. No ano 1911, escribe o libro "La Educación Popular".

BENIGNO SOAGE VILLARINO

Nado en Cangas no ano 1848, morreu en 1922. O pobo de Cangas adicoulle unha rúa como mostra de agradecemento por financiar a excelente escola para nenos pobres, da que foi mestre don Álvaro Fernández Rey.

Benigno Soage, tivo o primeiro coche, un Fiat, que houbo na Vila.

EUGENIO SEQUEIROS MATOS

Deputado Provincial en 1901-1903. Republicano Federal. O seu enterro foi o 23-6-1903. Crónica moi sentida.

Médico ciruxán. Foi o médico director do Lazareto de San Simón; alcalde e médico municipal de Moaña; Presidente da Liga de agricultores de Cangas; Presidente do Casino a Unión; Presidente do Centro de Mariñeiros en 1901 e 1902; Deputado Provincial nas eleccións de 1901

ALMIRANTE D. CASTO MENDEZ NUÑEZ

Nado en Vigo o 1 de Xullo de 1824, finou en Pontevedra o 21 de Agosto do ano 1869.

Foi mariño militar español, contraalmirante da Real Armada Española e heroe da guerra Hispano-sudamericana. Na batalla de Callao, o 2 de Maio do 1866, caeu ferido e na súa retirada pronunciou a famosa frase: "Mais vale honra sen barcos que barcos sen honra".

Seus restos mortais foron sepultados en Pontevedra e cinco anos despois da súa morte, trasladáronse ó panteón familiar na capela de "El Real" en Tiran-Moaña, onde foron visitados polo rei Alfonso XII, decretándose fosen trasladados o Panteón de Mariños Ilustres en San Fernando (Cádiz) o que se fixo o 9 de Xuíño de 1883,



conducindo os seus restos a fragata "Lealtad", uníndose ós honores militares unha escuadra de barcos británicos o mando do Almirante Dowel, que se atopaba as aforas da Ría de Vigo.

MANUEL GRAÑA GONZALEZ

Nado en Cangas o 13 de decembro do 1878, finou en Madrid o 28 de novembro do 1963.

Xornalista, escritor. Doutorouse en teoloxía en Roma. Estudou xornalismo na Columbia University de Nova York. En 1918 exerceu como redactor en "El Debate", e posteriormente traballou en "Ya", "España Pesquera" e no "Ideal Gallego" ademais de outras publicacións españolas e estranxeiras.

A partir do 1921, foi corresponsal da Axencia New Service. Despois de fundar con Anxo Herrera Oria, en 1926 a escola de xornalismo "El Debate", foi asesor do Sindicato Nacional de Pesca.

Durante a Guerra Civil española, foi cronista de guerra co grado de tenente provisional.

Publicou "La Escuela de Periodismo. Programas y métodos" (1930), "Que debe España a los religiosos" (1932), "Mares y peces" (1952) e a tradución "Mi conversión al catolicismo" (1940) do cardeal Newman. E o autor da letra do himno do Santo Cristo do Consolo.

En setembro do ano 1949, foi nomeado fillo predilecto da Vila de Cangas e déuselle o seu nome a rúa onde naceu.



ALFREDO SARALEGUI CASELLAS

Nado en Ferrol en 1883, finou en Madrid en 1961.

Pertenceu pola rama paterna a unha familia de mariños da Armada. A súa actividade como cooperativista comezou xa dende moi novo (ós 13 anos) coa asociación fundada con outros nenos, na Coruña, "La Caridad" para asistencia a nenos enfermos e inválidos.

Estando en Almería, sobre o 1915, fundou o Real Club de Regatas e o Clube Esperantista, o Pósito de Pescadores e a asociación "Pan y Letras" (para darlle alimento e instrución ós nenos desvalidos), fundou tamén a Sociedade Oceanográfica. En 1910, sendo Axudante de Mariña en Benidorm, organizou unha cooperativa obreira, e en 1913, en Biscaia, fixo campaña para a organización dunha federación de pescadores a "Asociación Protectora do Pescador".

En 1915 presentoulle a Gumersindo de Azcarate (Presidente do Instituto de reformas Sociais) o proxecto de creación e fomento dos Pósitos de Pescadores. Para o labor de organización dos Pósitos recorreu o litoral, escribiu artigos de prensa e ditou conferencias.

En 1917 estivo en Vigo nunha viaxe de estatística e outros fins científicos, que aproveitou para convocar nos portos de Moaña, Cangas, Vigo ... a constitución dos Pósitos.



Colaborou no "Boletín de Pesca" e publicou "La casa del marino Ibero-americano" (1926) "España Marítima. Ensayos Sociales" (1929). Tamén se editou una conferencia súa de 1951 no Centro Galego de Madrid, sobre o turismo.

RAMON FRANCO BAHAMONDE

Nado en Ferrol no ano 1896, finou no Mar Mediterráneo nun sospeitoso accidente aéreo no ano 1938.

Aviador e político español, irmán de Francisco Franco. No ano 1911, ingresou na Academia de Infantería e tres anos despois, xa oficial, foi destinado a Marrocos. No ano 1920, pasou a aeronáutica militar como alumno da escola de pilotos na que obtivo o título de aviador. Voltou de novo a Marrocos, onde participou como xefe da base de hidroavións de Mar Chica, en misións de apoio e recoñecemento.



No 1926 efectuou unha proeza na historia da aviación mundial o voar dende Palos de Moguer (Huelva) ata Bos Aires (Arxentina) a bordo do hidroplano "Plus Ultra".

Durante a ditadura de Primo de Rivera, manifestouse contrario o réxime e incluso chegou a protagonizar varios roces co propio Xeneral. Dedicouse a conspirar contra a monarquía, polo que causou baixa no exercito e foi recluído en prisión, pero conseguiu escapar. En outono de 1930, xunto con outros aviadores republicanos, apoderouse duns aparatos no aeródromo de Cuatro Vientos e sobrevoou Madrid con intención de bombardear o Palacio Real, propósito que non chegou a realizar. Fuxiu ó estranxeiro e voltou a España ó proclamarse a II República.

Ingresou de novo no exercito e foi nomeado Director Xeral de Aeronáutica, cargo do que foi destituído, pouco despois, pola súa participación na revolta anarquista ocorrida en Andalucía.

Elixido deputado a Cortes por Barcelona, por Esquerra Republicana, retirouse da milicia e durante algún tempo adicouse á política.

O estalar a Guerra Civil española, atopábase en Washington, como agregado aéreo da Embaixada española nos EE.UU.

Voltou a España e incorporouse, a pesares da súa ideoloxía política, o bando nacional. Foi ascendido a tenente coronel e nomeado xefe da base de hidroavións de Pollensa (Mallorca).

No ano 1938, o hidroavión que pilotaba e co que pretendía bombardear a zona republicana, desapareceu no Mar Mediterráneo, nas proximidades da Illa de Mallorca.

Cangas adicoulle unha rúa cando foi a fazaña do "Plus Ultra", que tivera gran repercusión mundial.

EUXENIO MONTERO RÍOS

Nado en Santiago de Compostela o 13 de novembro do 1832, finou en Madrid o 12 maio de 1914.

Foi Ministro de Gracia e Xustiza con Amadeo I e Ministro de Fomento e Presidente Goberno de España con María Cristina de Habsburgo-Lorena.

Sendo estudante en Compostela, fundou o periódico "La Opinión Publica", que era o portavoz de Romero Ortiz, un dos participantes do levantamento do comandante Solís, no ano 1846, en Lugo.

Participou en política no Partido Progresista de Juan Prim e tras a revolta de 1868, foi deputado das Cortes Constituíntes do 1869.

Foi Ministro de Xustiza no goberno de Prim en 1870 e introduciu importantes novidades no rexistro civil e o matrimonio civil e era moi partidario da separación entre a Igrexa e o Estado.

Á súa residencia, no Pazo de Lourizán, en Pontevedra, acudían políticos, periodistas e homes destacados da época, en peregrinación, como si de unha "meca" política se tratara.



PABLO IGLESIAS POSSE

Nado en Ferrol o 17 de outubro de 1850. Sendo un neno trasladase a Madrid, onde comeza traballar como aprendiz de imprenta no Hospicio.

Ingresou na Sección de Tipógrafos da Federación Madrileña de Internacional, en 1870.

Colaborou no periódico "La Solidaridad", pertenceu o Comité de Redacción de "La Emancipación".

Fundador do Partido Socialista Obreiro Español, o 2 de maio do 1879, ocupando a Presidencia do mesmo mentres viviu.

Participou na constitución da Federación Tipográfica Española no 1882, da que foi Presidente dende 1885.

Fundou e dirixiu "El Socialista" dende a súa publicación en marzo do 1886.

Fundador da Unión Xeral de Traballadores en agosto de 1888, sendo o seu Presidente dende 1899 ata 1925.

Asistiu ó Congreso constitutivo da Segunda Internacional en 1889, acudindo despois a cantos se celebraron ata 1910. Exerceu como concellal do Axuntamento de Madrid en dúas ocasións, 1906 a 1910 e 1914 a 1917. No 1910 foi o primeiro deputado socialista de España, sendo reelixido en cantas eleccións se celebraron despois (1914, 1916, 1918, 1919, 1920, 1923).

A consecuencia do agravamento das súas enfermidades, deixou de participar activamente na vida organizativa das entidades socialistas, aínda sen deixar a súa laboura de propagandista a través da súa pluma, escribindo cartas e artigos, sen deixar de ser en todo momento un referente ético e moral para todos os socialistas españoles.

Finou en Madrid o 9 de decembro de 1925. Seu enterro constituíu a maior manifestación celebrada en Madrid en moito tempo.



PEPE SIMÓN

O seu nome é Xosé Pintos González, natural de Cangas.

Adicouse á restauración no seo da súa familia, no Restaurante Casa Simón, nun principio da man da súa nai Pilar González, que é o prototipo da muller galega, bondadosa, voluntariosa, eficiente e traballadora.

Pero o verdadeiro artífice do prestixio acadado por Casa Simón, foi Pepe, chegando a ser un dos mais prestixiosos restaurantes de España, dando réplica ós tradicionais froitos do mar, con unha cociña pensada no mais estrito sabor mariñeiro.

Con esta filosofía do bo facer, Pepe Simón, participou en xornadas internacionais no Brasil, Arxentina, México, Panamá, Miami e por toda Península Ibérica. Recibiu prestixiosos premios, entre outros o "Percebe de oro" en Barcelona, ou o 1º Premio na Festa da Empanada en Bandeira.

Xosé Pintos González, finou o 6 de Abril de 1995, pero as súas fillas, Ana e María, con preparación e simpatía, herdadas do seu pai, están á fronte do establecemento, cunha gran labor de organización e atención ó público.

O pobo de Cangas, adicoulle unha rúa a Pepe Simón, co seu nome, en recoñecemento da difusión da nosa Vila polo mundo enteiro.



(Publicado en "Festas do Cristo". Cangas, 2010)